

# **ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN NATURALISTA "BAIXO MIÑO"**



## **CAPÍTULO I**

### **DA ASOCIACIÓN EN XERAL**

#### **Artigo 1º:**

1.- Procédese a adaptar os Estatutos da Asociación Naturalista “Baixo Miño” (ANABAM) co nº de rexistro Provincial 1.315 da Sección 1ª e C.I.F. G36038917.

O logotipo oficial da mesma é o seguinte:



2.- Coa denominación de Asociación naturalista “Baixo Miño” (ANABAM), constitúese unha asociación de carácter non lucrativo, cultural, ecoloxista e naturalista que se rexirá polos presentes Estatutos, pola Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e polas demais lexislacións existentes en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

#### **Artigo 2º: Fins**

Son fins principais da asociación:

1.- Observar, estudar, defender, conservar e divulgar o medio ambiente e o patrimonio natural da comarca do Baixo Miño.

2.- Fomentar a Educación Ambiental.

3.- Preservar, fomentar e potenciar tódalas formas de cultura natural da comarca do Baixo Miño.

#### **Artigo 3º: Actuacións**

Para levar a cabo os fins, esta asociación poderá organizar cantas actividades e actos considere necesarios, entre os que se poden incluír:

Publicacións, exposicións, conferencias, cursos, estudos de flora e fauna, crear aulas de natureza, museos, bibliotecas, premios, obradoiros...

#### **Artigo 4º: Domicilio**

O domicilio principal e permanente da asociación radicará na Guarda (Pontevedra).

Poderán utilizarse outros locais asociativos adicionais noutras vilas, mediante acordo da Xunta Directiva, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais, dando conta do seu acordo ao Organismo encargado do Rexistro de Asociacións.

#### **Artigo 5º: Ámbito de actuación**

O ámbito de actuación é a comarca do Baixo Miño (concellos de Tui, Tomiño, O Rosal A Guarda e Oia).

#### **Artigo 6º: Duración**

1.- A duración desta asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asamblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación rexirase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

3.-Esta é unha asociación independente, non vinculada a partido político algún, nin empresarial, nin relixioso.

## **CAPÍTULO II**

### **DOS SOCIOS**

#### **Artigo 7: Socios e socias**

Poderán ser integrantes da asociación as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

1.- Non pertencer a asociacións que teñan fins antagónicos ou desenvolvan actividades ou obxectivos e/ou actos contrarios aos fins que persigue esta asociación.

2.- Non fomentar e/ou apoiar accións ou actividades que favorezan a destrución do patrimonio natural.

3.- Non ser propietarios ou ocupar postos de responsabilidade en empresas que atenten contra o patrimonio natural nin ser colaboradores e/ou artífices de actos e actividades que atenten contra a paisaxe, o medio, a flora e/ou a fauna silvestres.

#### **Artigo 8: Clases de asociados**

Dentro da asociación poderán existir os seguintes tipos de asociados:

1/ FUNDADORES: aquelas persoas que subscribiron a Acta Fundacional.

2/ NUMERARIOS: Aquelas persoas físicas que levan como mínimo un ano na asociación e desenvolvan actividades habitualmente no seno da mesma, participando de xeito activo polo menos na metade das actividades programadas. Estes socios non poderán estar afiliados a partidos políticos co fin de manter a independencia política no seno da asociación.

3/ COLABORADORES: Persoas físicas que levan menos dun ano na asociación e participan activamente na mesma, polo menos nun terzo das actividades, labores administrativas, etc., ou levando máis dun ano, seguen colaborando como mínimo nun terzo das actividades e non reúnan os requisitos para ser socios de número. Os socios colaboradores non poden ocupar postos de responsabilidade política.

4/ SOCIOS COOPERADORES: Son aquelas persoas físicas que desexan formar parte da asociación pero ben non desexan implicarse directamente nas actividades de ANABAM ou ben ocupan postos de responsabilidade política.

5.- PROTECTORES: Aquelas persoas físicas ou xurídicas que desexan formar parte desta asociación, previa solicitude e posterior aceptación por parte da Asemblea Xeral. Pode ser calquera persoa agás as que pertencen a asociacións ou entidades que teñan fins ou desenvolvan actividades contrarias ás que persigue ANABAM, ou os membros directivos de partidos políticos.

6.- HONRA: Aquelas persoas que non sendo membros de ANABAM, destaquen na defensa do patrimonio natural da comarca ou colaboren con esta asociación e sexan considerados como tais pola Asemblea Xeral á proposta da Xunta Directiva.

7.- INFANTÍS/XUVENÍS: Formados por aquelas persoas que teñen menos de 18 anos que desexan formar parte da asociación co consentimento dos seus pais ou tutores legais.

#### **Artigo 9º: Dereitos dos socios e socias**

Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. SOCIOS DE NÚMERO:
  - a) Tomar parte nas Asembleas con voz e voto.
  - b) Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos

- c) Tomar parte en cantas actividades e actos organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
- d) Gozar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poida obter.
- e) Ter copia destes Estatutos.
- f) Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
- g) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- h) Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde a mellorar o cumprimento dos fins da Asociación.
- i) Que se poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.

## 2. SOCIOS COLABORADORES:

Os dereitos son os mesmos que rexen no apartado anterior a excepción dos apartados seguintes:

- a) Terán dereito a asistir ás Asembleas xerais con voz pero sen voto.
- b) Soamente poderán ser elixidos para cargos directivos no caso de que non houberse candidatos entre os socios de número. Neste caso non poderán estar afiliados a partidos políticos. No caso de producirse esta situación, o apartado a) non tería efectos.

## 3. SOCIOS COOPERADORES:

Teñen os mesmos dereitos que os socios colaboradores a excepción do apartado

- a) xa que non teñen dereito a ter voz nin voto nas Asembleas.
- b) Non poderán desempeñar postos directivos na Asociación.

## 4. SOCIOS PROTECTORES:

A) Poderán estar presentes nas Asembleas pero sen voz e sen voto. Excepcionalmente a Xunta Directiva poderá permitir a estes socios ter voz, sempre e cando así o estime os membros directivos.

B) Poderán tomar parte en cantos actos e actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.

- C) Ter copia destes Estatutos.
- D) Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.

## 5. SOCIOS HONORARIOS:

Poden tomar parte en cantas actividades e actos organice esta Asociación en cumprimento dos seus fins.

## 6. SOCIOS INFANTÍS/XUVENÍS:

A) Poden tomar parte nas Asembleas con voz pero sen voto.

B) Participar en cantas actividades e actos organice esta asociación en cumprimento dos seus fins.

- C) Ter copia destes Estatutos.
- D) Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
- E) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- f) Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde a mellorar o cumprimento dos fins da Asociación.

## **Artigo 10º: Obrigas dos socios e socias**

Os asociados e asociadas terán os seguintes dereitos:

### 1. SOCIOS DE NÚMERO:

A) Prestar cantos servizos determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.

- B) Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
- C) Satisfacer as cuotas que se establezan.
- D) Cumprir os acordos da Asemblea Xeral e o contidos dos Estatutos.
- E) Participar de xeito activo polo menos na metade das actividades e actos desenvolvidos ao longo do ano.

### 2. SOCIOS COLABORADORES:

As únicas obrigas son as correspondentes aos apartados a), b), c) e d). Anteriormente citados, ademais de ter que participar, como mínimo, nun tercio das actividades anuais da asociación.

3. SOCIOS DE HONRA:  
Non teñen obrigacións para con esta asociación.
4. SOCIOS INFANTÍS/XUVENÍS:  
Soamente teñen a obriga de satisfacer as cuotas estipuladas.

#### **Artigo 11º: Admisión de novos socios**

1. En ningún caso un asociado será representado por outro ou por persoa allea á asociación.
2. Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida. No caso de menores de idade e persoas que actúen a través de representante, a solicitude deberá ser autorizada polo representante, pai/nai ou titor do solicitante, e se acompañará dunha acreditación da identidade do solicitante.

#### **Artigo 12º: Perda da condición de socio/a**

A condición de asociado pérdese:

1. Por vontade propia.
2. Por falta no pago das cotas cun tempo límite dun ano.
3. Por realización de actos ou actividades que prexudiquen os intereses da Asociación ou sexan contrarios aos fins desenvolvidos pola mesma.
4. Por expediente disciplinario.

#### **Artigo 13º: Expulsión de socios**

A expulsión de asociados e asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral e contra a súa resolución poderase recorrer a xurisdición ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade dun asociado, este deberá realizar unha petición escrita e procederá ao aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.

#### **Artigo 14º: Separación temporal**

Os asociados poderán solicitar a separación temporal por escrito.

A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun asociado cando se estea tramitando un expediente sancionador, ou concurran causas xustificadas que o aconsellen. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de réxime interno, pero en todo caso a resolución poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.

### **CAPÍTULO III**

#### **DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

##### **Artigo 15º: Administración da asociación**

A dirección e administración da asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

##### **Artigo 16º: Do presidente**

O Presidente da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha ou outra.

O presidente será designado pola Asemblea Xeral formada polos socios de número. O seu mandato durará dous anos.

##### **Artigo 17º: Da Xunta Directiva**

A Xunta Directiva estará formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoreiro

e tres vogais.

### **Artigo 18º: Cargos da Xunta Directiva**

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuitos, no obstante poderán recibir remuneración dos gastos derivados da súa actividade para a asociación ou doutro tipo de remuneración por parte da asociación que non estea relacionado co cargo.

Eléxiranse pola Asemblea Xeral os cargos e durarán un período de dous anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

O persoal da secretaría, se o houberse, será nomeado pola Xunta Directiva, que acordará ademais a súa retribución.

Os cargos cesarán na súa función por pasamento, renuncia voluntaria e por transcurso do prazo para o que foron elixidos. A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ao cese automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día do sucesor, ou ben esperar ata que a Xunta Directiva nomee temporalmente a un substituto se se trata de renuncia voluntaria.

### **Artigo 19º: Función da Xunta directiva**

É función da Xunta Directiva programar e dirixir as actividades asociativas e levar a xestión e economía da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Ase mesmo, procederá a convocar e fixar a data da Asemblea Xeral, fixar as cuotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, dictar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral. Corresponderalle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asemblea.

### **Artigo 20º: Sesións da Xunta Directiva**

A xunta directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente e, na ausencia deste, polo Vicepresidente se o houbera e a falta destes, polo membro da Xunta que teña máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría dos votos dos asistentes, sendo necesaria a concurrencia, polo menos, de seis dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto o Presidente.

O secretario ou, no seu defecto, persoa na que se delegue, levantará acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas.

### **Artigo 21º:**

Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de recabar das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das ditas comisións, o número de Vogais que acorde a Xunta Directiva, á proposta dos seus respectivos presidentes.

Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdobren en subcomisións.

### **Artigo 22º: Da Asemblea**

A Asemblea Xeral de asociados é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por todos os integrantes da mesma. O Presidente e o Secretario da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

### **Artigo 23º: Períodidade das Asembleas**

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario tantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso, realizarase por medio dun escrito dirixido ao Presidente, autorizado coa sinatura dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

A asemblea Xeral ordinaria reunirase necesariamente dentro dos seis primeiros meses de cada ano. Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo Presidente da Xunta Directiva.

A notificación farase nos locais da asociación para as Asembleas ordinarias e no domicilio dos asociados para as Asembleas extraordinarias.

#### **Artigo 24º: Competencias da Asemblea Xeral Ordinaria**

Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Aprobar a acta da reunión anterior
2. Aprobar o plan de actividades.
3. Examinar e aprobar a memoria de actividades.
4. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
5. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Examinar e aprobar as cotas.

#### **Artigo 25º: Competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria**

Serán competencia da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. Modificar os Estatutos da Asociación.
2. Elixir os integrantes da Xunta directiva.
3. Aprobar a federación con outras asociacións.
4. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acordar a disolución da Asociación.
6. Designar aos liquidadores.
7. Ratificar a expulsión de asociados a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicitar a declaración de Utilidade Pública da Asociación.
9. Aprobar o regulamento de réxime interno da Asociación.
10. As que sendo de competencia da Asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
11. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

#### **Artigo 26º:**

Para que as Asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos asociados asistentes, sempre que concorran a metade máis un do total na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

#### **Artigo 27º:**

Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes, excepto os relativos aos apartados 1 ao 7 do artigo 25, que requirirán maioría dos 2/3. A continuación levaranse os acordos ao libro de Actas e asignará o/a Presidente, o/a secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría.

#### **Artigo 28º:**

Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a cumprilos a todos os asociados, mesmo aos non asistentes.

As sesións se abrirán cando así o estime o Presidente. Seguidamente se procederá por parte do Secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente, o Secretario procederá a plantexar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose á aprobación nos termos contidos nestes

estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día, se procederá, se a presidencia o considera oportuno ou o solicitan o 10% dos asociados inscritos no libro de membros, a facer un turno de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído o cal, se levantará a sesión por parte do Presidente.

### **Artigo 30º:**

Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da Asociación, poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

### **Artigo 31º: A/o Presidente**

O Presidente da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 16º, as seguintes atribucións:

1. Presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e doutra, decidindo co voto de calidade, en caso de empate.
2. Propoñer o plan de actividades da asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
3. Ordenar os pagamentos acordados.
4. Representar á asociación perante calquera organismo público ou privado e realizar cantas xestións estime oportuno para obter subvencións, etc.
5. Asinar as actas, certificados, pagos e outros documentos da asociación xunto co Secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

O Presidente será asistido nas súas funcións por un Vicepresidente, se o houbera, ou, no seu caso, polo Secretario ou Tesoureiro, substituíndolle destes dous o que máis idade teña en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

### **Artigo 32º: A/o vicepresidente**

Exercerá as funcións que lle encomende a/o presidente e substituirá a este sempre que sexa necesario.

### **Artigo 33º: A/o secretaria/o**

Recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da asociación. Correspóndelle asemade, notificar as convocatorias e custodiar as actas e expedir certificados das mesmas co visto e prace do presidente.

A/o secretaria/o correspóndelle tamén levar o inventario de bens da asociación nun libro establecido ao efecto.

Librará certificacións e levará a correspondencia da asociación.

### **Artigo 34º: A/o Tesoureira/o**

A/o Tesoureira/o recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamentos que expida o presidente, dirixirá a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en tódalas operacións de orde económico. Elaborará o presuposto anual e o estado de contas.

### **Artigo 35: As/os vocais**

Terán as seguintes atribucións:

- 1/ Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
- 2/ Desempeñar os traballos que lles sexan encomendados pola Xunta Directiva.

### **Artigo 36º:**

A asociación, no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio de 15.000 euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

### **Artigo 37º:**

A asociación funcionará en réxime de presuposto anual. O borrador de presuposto será elaborado polo Tesoureiro da asociación, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

### **Artigo 38º:**

A asociación manterase dos seguintes recursos:

- 1/ As cuotas periódicas das persoas asociadas.
- 2/ As cuotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
- 3/ As doazóns e subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- 4/ Os ingresos que se poidan percibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- 5/ Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para entidades non lucrativas.

### **Artigo 39º:**

As cuotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, non sendo reintegrables en caso algún e adicándose a atender as necesidades da Asociación.

### **Artigo 40º.**

Anualmente con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición das/os socias/os, durante un prazo non inferior a 15 días, que é o sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobarlo ou censuralo.

### **Artigo 41º:**

Anualmente, no tempo que establece o artigo 24, será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral Ordinaria.

### **Artigo 42º:**

Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o Presidente e o Tesoureiro, para a utilización conxunta deles.

### **Artigo 43º:**

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídas entre os socios os recursos obtidos pola Asociación.

## **CAPÍTULO V**

### **DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

### **Artigo 44º:**

O Regulamento de Réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

## **CAPÍTULO VI**

### **MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISPOSICIÓN DA ASOCIACIÓN**

#### **Artigo 45º:**

Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou dos 2/3 doas persoas asociadas. A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para que calquera socia/o poida dirixir á Secretaría as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

#### **Artigo 46º:**

Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos 2/3 dos membros da Asemblea Xeral de socios.

#### **Artigo 47º:**

A asociación disolverase polas seguintes causas:

- 1/ Pola vontade das persoas asociadas acordada polos 2/3 das mesmas.
- 2/ Por outras causas determinadas legalmente.
- 3/ Por sentenza xudicial.

#### **Artigo 48º:**

Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria, designará tres socias/os liquidadores, que xunto á/o Presidente/a e a/o Tesoureira/o, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

#### **Artigo 49º:**

O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma de Galicia.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.